

CATÁLOGO

PRODUTORES DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO

EDITA

XUNTA

DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

ELABORA

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

DESEÑO/MAQUETACIÓN

cristinazzdesign

ANO DE EDICIÓN

2021

**PRODUTORES DE SEMENTES E
PLANTAS DE VIVEIRO**

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Secretaría Xeral Técnica

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

ÍNDICE

- PAX. 07 1. Introducción
- PAX. 08 Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia
- PAX. 08 Catálogos
- PAX. 09 Produtores de sementes e plantas de viveiro. Conceptos
- PAX. 11 Esquema do proceso

- PAX. 13 2. Trámites para a posta en marcha dun produtor de sementes e plantas de viveiro
- PAX. 14 Trámites preliminares
- PAX. 14 Informes ou autorizacións sectoriais
- PAX. 14 Implantación en solo rústico: réxime xurídico
- PAX. 16 Resumo do proceso

- PAX. 19 3. Requisitos dos produtores
- PAX. 21 Xenéricos
- PAX. 22 Específicos

- PAX. 23 4. Inscripción no Rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro

- PAX. 27 5. Tramitación municipal
- PAX. 28 Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello
- PAX. 28 Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso
- PAX. 29 Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade
- PAX. 34 Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras
- PAX. 37 Cambios de titularidade da actividade ou establecemento

- PAX. 39 6. Outros procedementos relacionados coa actividade dos produtores
- PAX. 40 Rexistro oficial de produtores, comerciantes e importadores de vexetais, pasaporte fitosanitario e declaración anual de cultivos
- PAX. 43 Inscripción no Rexistro de variedades comerciais

- PAX. 45 7. Anexo. Formación especializada para a produción de sementes e plantas de viveiro
- PAX. 47 Certificado de profesionalidade de produción de sementes e plantas de viveiro (AGAU0110)
- PAX. 47 Certificado de profesionalidade de xestión da produción de sementes e plantas en viveiro (AGAU0210)
- PAX. 48 Manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios

1. INTRODUCCIÓN

LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

O Parlamento de Galicia aprobou recentemente a **Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia**.

Esta lei ten por **obxecto** establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de **simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia**.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lle **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e tamén a local, nos supostos de adhesión dos concellos a este**.

CATÁLOGOS

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais, destaca no capítulo I a referencia á creación dunha serie de **catálogos**, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificase que a través do Sistema de Atención ao Investimento se poderá acceder de maneira gratuíta aos **"catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento"**.

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación para as empresas e, en particular, para as persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

PRODUTORES DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO CONCEPTOS

O obxecto deste documento é indicar os procedementos necesarios para poñer en marcha un **negocio de produción de sementes e plantas de viveiro**. A Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, define no seu artigo 3 o concepto de sementes e plantas de viveiro.

Así, son sementes os elementos que, botánica ou vulgarmente, se designan con este nome e cuxo destino é o de reproducir a especie ou establecer cultivos, así como os tubérculos, bulbos e outros órganos e material vivo que se utilicen con tales fins. As plantas de viveiro son as plantas enteiras e/ou partes de plantas destinadas ao establecemento de plantacións, así como os materiais vexetais non incluídos na definición de sementes e que se utilicen para a reprodución ou multiplicación, incluídos os clons.

Por outra banda, os produtores de sementes e plantas de viveiro son as persoas físicas ou xurídicas, que exercen profesionalmente, en relación coas sementes e plantas de viveiro, algunhas das actividades de produción, almacenaxe, importación e comercialización ou posta no mercado.

No artigo 3 do Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a autorización e o rexistro dos produtores de sementes e plantas de viveiro e a súa inclusión no Rexistro nacional de produtores, establécese a seguinte clasificación de produtores:

- **Produtores obtentores.** Son os que producen material parental ou inicial das variedades ou clons obtidos por eles ou dos que son habentes causa, logo do traballo de selección, e cuxo destino sexa a súa multiplicación. Poden producir, así mesmo, sementes e plantas de viveiro de base e, de ser o caso, de prebase.
- **Produtores seleccionadores.** Son os que producen semente ou plantas de viveiro de categoría inicial, base ou, de ser o caso, de prebase. Esta produción pódela realizar por si mesmos ou por agrupación ou convenio con outros produtores. Así mesmo, poden producir sementes e plantas de viveiro das restantes categorías.
- **Produtores multiplicadores.** Son os que producen:
 - Sementes ou plantas de viveiro de categoría certificada como resultado da multiplicación de sementes ou plantas de viveiro de base ou, de ser o caso, de sementes certificadas.

- Para as especies en que os regulamentos técnicos admitan tres categorías de sementes certificadas, estes produtores unicamente poderán producir sementes das dúas últimas categorías.


- Sementes ou plantas de viveiro de categorías estándar, CAC (conformitas agraria comunitatis) ou comercial se estas categorías existen para a especie.

Outro concepto importante para a actividade de produción de sementes e plantas de viveiro é o de especie ou grupo de especies. Segundo o artigo 3 da lei, defínese como o conxunto de plantas dun só taxon botánico do rango máis baixo coñecido que poida:

a. Definirse pola expresión de determinados caracteres morfolóxicos, fisiolóxicos, citolóxicos, químicos, bioquímicos ou outros de carácter agrícola ou económico, resultantes dun certo xenotipo ou dunha certa combinación de xenotipos.

b. Distinguirse de calquera outro conxunto de plantas pola expresión dun dos ditos caracteres polo menos.

c. Considerarse como unha unidade, tendo en conta a súa aptitude para propagarse sen alteración.



2. TRÁMITES PARA A POSTA EN MARCHA DUN PRODUTOR DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO.

TRÁMITES PRELIMINARES

O primeiro paso que debe dar a persoa promotora é **comprobar o réxime urbanístico que resulta de aplicación na parcela ou edificación en que pretende implantar a dita actividade.**

Así, de conformidade co disposto no artigo 87.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

“Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento en que se atope incluído. Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder os dous meses desde a presentación da solicitude no rexistro municipal”.

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes exixencias, de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, para os efectos de **determinar a viabilidade urbanística da actuación.**

INFORMES OU AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultala calquera persoa interesada no **Plan Básico Autonómico de Galicia**, que constitúe unha ferramenta dinámica que resulta indispensable para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e que lle permite á cidadanía dispoñer de toda a información relevante desde o punto de vista territorial, actualizada e de acceso universal, en todo o ámbito da nosa comunidade autónoma.

O visor do Plan Básico Autonómico de Galicia pode consultarse a través da seguinte ligazón:

<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>

IMPLANTACIÓN EN SOLO RÚSTICO: RÉXIME XURÍDICO

1. Réxime xurídico xeral do solo rústico

No caso de que o establecemento produtor de sementes e plantas de viveiro se pretenda ubicar en solo rústico, deberá terse en conta o disposto polo artigo 35.1.g) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 50.1.g) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, o cal contempla entre os usos admisibles no solo rústico as construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, viveiros e invernadoiros.

A implantación das ditas actividades resulta admisible no solo rústico previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección, deberán solicitarse a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Deberán cumprirse as condicións de edificación previstas no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no correspondente planeamento urbanístico.

2. Réxime específico nas edificacións tradicionais existentes no solo rústico e no solo de núcleo rural

O artigo 40 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, permiten implantar usos produtivos nas edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo rural ou de solo rústico antes do 25 de maio do 1975 (entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urbana).

En canto ás obras posibles, permitirase, sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente ata o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional, debendo obterse o preceptivo título habilitante municipal de natureza urbanística.

En todo caso, no solo rústico de especial protección, será preciso obter a autorización ou o informe sectorial favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

3. Réxime específico nas edificacións executadas no solo rústico con licenza urbanística

A disposición transitoria terceira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, permite implantar actividades produtivas no solo rústico ao abeiro da licenza urbanística, e poderán executarse previa licenza municipal, obras de mellora e reforma e de ampliación da superficie edificada licitamente, cumprindo os seguintes requisitos:

- 1. Cando se trate de terreos incluídos no solo rústico de especial protección, deberá obterse a autorización ou informe favorable do órgano coa competencia sectorial correspondente, segundo o indicado no número 2 deste documento.
- 2. Deberán cumprirse as condicións de edificación previstas no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no correspondente planeamento urbanístico.

4. Réxime específico de aplicación a construcións e instalacións destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria ou de primeira transformación de produtos agrogandeiros ou forestais.

A disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, desenvolvida pola disposición transitoria terceira do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia permite manter a súa actividade nas construcións e instalacións, que estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, que existían no momento de entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, independentemente de que contasen ou non con licenza nese momento, ou procedesen ou non á regularización prevista na disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50% do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as

medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

En todo caso, no solo rústico de especial protección, será preciso obter a autorización ou o informe sectorial favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

RESUMO DO PROCESO

Este catálogo fai referencia ao procedemento para a autorización de funcionamento dunha empresa produtora de sementes e plantas, segundo establecen os artigos 36 e 38 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.

Este proceso consta dun procedemento vinculado á habilitación para poder operar como produtor e comercializador:

- MR430A. Rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro. A inscrición no rexistro das comunidades autónomas realízase para a especie ou grupo de especies que solicite a empresa produtora, de acordo cos grupos establecidos, e coa categoría de produtor que corresponda (produtor obtentor, seleccionador ou multiplicador). Todos os produtores deben estar autorizados.

Tamén consideramos outros procedementos vinculados ao anterior, que son:

- MR442A. Rexistro oficial de produtores, comerciantes e importadores de vexetais. Recolle fundamentalmente o establecido na Orde do 17 de maio de 1993 pola que se establecen as obrigas a que están suxeitos os produtores, comerciantes e importadores de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, así como as normas detalladas para a súa inscrición nun rexistro oficial. Este procedemento é anterior ao MR433A e ao MR433B; non se pode solicitar pasaporte se antes non está neste rexistro. Hoxe en día é obrigatorio para calquera especie se o que produce e/ou comercializa é planta ou parte de planta, e é obrigatorio en moitas sementes pero non en todas, aínda que é obrigatorio para todas as sementes que se comercializan legalmente por Internet.
- MR433A. Aprobación do modelo de pasaporte fitosanitario. O Regulamento (UE) 2016/2031, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais, definiu un novo formato de pasaporte fitosanitario exixido para o traslado de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos no territorio da Unión Europea. Tense que facer para todo tipo de planta pero non para todo tipo de semente, segundo establece a normativa. Existen diferentes modelos, normais ou combinados con etiquetas de certificación, incluída a variante para zonas específicas.
- MR433B. Declaración anual de cultivos. É unha das obrigas que contraen os produtores cando se inscriben no Rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro. Nel o produtor ou produtora fai constar o número de especies vexetais que se van a comercializar directamente ou reexpedir, e o destino destas.

Cómpre indicar que, dependendo do volume de investimento do proxecto, da creación de emprego ou de se son proxectos tractores ou que complementen a cadea de valor en sectores estratéxicos, estes poden catalogarse como iniciativas empresariais prioritarias (IG300D); isto implica unha axilización do procedemento.

Neste catálogo non se recollen os trámites relativos á constitución da empresa, que implican a dotación de personalidade xurídica e a capacidade para contratar. Estes trámites, de carácter xeral para a constitución de calquera empresa, fan referencia á forma xurídica da empresa e á súa seguridade xurídica, mercantil, fiscal e laboral, para poder desenvolver a súa actividade. Tampouco se recollen os relativos ao ámbito da prevención de riscos laborais.

O procedemento para a autorización de funcionamento dunha empresa produtora de sementes e plantas implica unha serie de trámites:

- **1. Cumprimento de requisitos previos.** As empresas que queiran ser autorizadas como produtoras de sementes e plantas de viveiro deberán cumprir unha serie de requisitos de carácter xenérico segundo a categoría de produtor a que queiran acceder. No caso de produtor obtentor: serán obtentores, coobtentores ou habentes causa de variedades; dispoñerán de material inicial, parental; e contarán con persoal técnico capacitado. No caso de produtor seleccionador: terán persoal técnico especializado en campo e laboratorio, dispoñerán de campos suficientes para obter material vexetal de base ou semente, campos para precontrol e poscontrol das producións e instalacións acordes co volume de produción. No caso do produtor multiplicador: terán campos suficientes para a multiplicación, así como medios técnicos e humanos acordes coa produción. Ademais, as empresas deberán cumprir os requisitos específicos segundo os regulamentos técnicos das diferentes especies ou grupos de especies. Existe un regulamento xeral para o conxunto de especies e regulamentos específicos por sementes e plantas de viveiro.
- **2. Solicitude de inscrición no Rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro.** Este trámite é xestionado pola Consellería do Medio Rural. Todas as empresas que produzan sementes ou plantas de viveiro teñen que ser autorizadas pola comunidade autónoma onde teñan o domicilio social. Por circunstancias excepcionais, cando non se cumpran todos os requisitos que indica a lexislación, prevese a posibilidade de establecer unha autorización provisional, que poderá durar ata dous anos. Como xa indicamos, cada produtor ou produtora, para ser autorizado, deberá cumprir uns requisitos, que serán comprobados pola Administración. A inscrición implica a adxudicación dun código de rexistro individual, que facilitará o coñecemento do produtor. A Administración autonómica xestiona o trámite e comunícalle inmediatamente á Administración estatal os datos rexistrais.

Hai que indicar que aqueles viveiros que produzan ou multipliquen sementes ou plantas de categoría prebase, base ou certificada deberán facer a solicitude de etiquetas para a certificación e precinto. Este procedemento complementario está suxeito a unha inspección e control do viveiro da capacidade da dita produción e do seu precinto mediante levantamento da acta de control preceptiva e un informe previo da persoa inspectora no cal se autorice a emisión das etiquetas numeradas en relación cos lotes solicitados e aprobados.
- **3. Inscrición no Rexistro oficial de produtores, comerciantes e importadores de vexetais.** Para ser produtor/a ou importador/a de especies vexetais dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, debe solicitar a inscrición neste rexistro. Tan só hai que presentar unha solicitude para realizar este procedemento.
- **4. Expedición do pasaporte fitosanitario.** Para a súa expedición, debe estar rexistrado antes no Rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro. Existe un modelo normalizado de pasaporte fitosanitario. Persoal técnico da Administración realizará a inspección oficial para a autorización de expedición de pasaportes fitosanitarios e nun prazo máximo de 10 días hábiles, posteriores á data de inspección, deberá procederse ao pagamento da taxa pertinente para a súa obtención. A inscrición implica a adxudicación dun código de rexistro individual que se debe facer constar nas etiquetas de precinto e pasaporte sanitario cando son combinadas.
- **5. Declaración anual de cultivos.** Esta declaración é obrigatoria desde o momento da inscrición no rexistro mencionado. Nela o produtor fai constar o número de especies vexetais que se van comercializar directamente ou reexportar, así como o seu destino.

No caso de producir **residuos perigosos**, deberán solicitar a correspondente inscrición no rexistro de produtores e xestores de residuos de Galicia, con carácter previo ao inicio da súa actividade, acudindo ao procedemento establecido na seguinte ligazón:

https://sirga.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-sirga/Tramites/Autorizacions/Ficha_PP-RP_2021.pdf

Hai un procedemento complementario que se realiza no ámbito estatal e que ten relevancia para cando se vaian producir e comercializar variedades comerciais propias. Neste caso o produtor deberá inscribirse no **Rexistro de variedades comerciais**, que depende do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. A inscrición autoriza a comercialización de variedades vexetais en España para todas as especies para as que se abriu unha lista de variedades comerciais e na Unión Europea para as especies incluídas nos catálogos comúns de especies vexetais agrícolas e hortícolas. Xunto coa solicitude, achegarase a información que vén detallada no regulamento técnico do rexistro. Neste catálogo vaise facer referencia a este procedemento de maneira expresa como información suplementaria.

3. REQUISITOS DOS PRODUTORES

As iniciativas empresariais que queiran ser autorizadas como produtoras de sementes e plantas de viveiro deberán cumprir unha serie de requisitos de carácter xenérico segundo a categoría de produtor á cal queiran acceder. Ademais, tamén deberán cumprir os requisitos específicos segundo os regulamentos técnicos das diferentes especies ou grupos de especies.

Tal como se recolle na Lei 30/2006 e no Real decreto 1891/2008, en caso de non cumprir estas condicións segundo posteriores inspeccións e/ou comprobación, poderíase revogar a autorización concedida, polo que é importante cumprilas antes de optar á inscrición e posterior autorización.

XENÉRICOS

Os requirimentos xenéricos para os produtores de sementes e plantas de viveiro están definidos no artigo 4 do Real decreto 1891/2008, que establece o seguinte:

Tipo	Requirimentos
PRODUTOR-OBTENTOR	<ul style="list-style-type: none">• Ser obtentor, coobtentor ou habente causa de variedades.• Dispoñer do material inicial, parental ou do correspondente á primeira xeración desas obtencións.• Dispoñer de técnicas ou técnicos especializados na materia, con titulación oficial adecuada, e do equipamento de laboratorio e instalacións que require a execución das súas funcións e o control da calidade do material obtido, o seu mantemento e a súa produción.
PRODUTOR-SELECCIONADOR	<ul style="list-style-type: none">• Dispoñer de persoal técnico especializados na materia, con titulación oficial adecuada, inspectores/as de campo e persoal de laboratorio nos seus distintos niveis en número adecuado aos seus plans de produción das especies para as cales está autorizado e cuxas funcións serán, segundo os casos, dirixir ou realizar os traballos de selección, multiplicación, inspección de campos, manipulación de sementes e plantas de viveiro, e análises e ensaios de laboratorio.• Dispoñer de campos suficientes para a obtención da semente ou material vexetal de base e, de ser o caso, de xeracións anteriores á de base. A obtención de semente de base e material vexetal de base pódese realizar mediante agricultores-colaboradores, ou por asociación con outros produtores seleccionadores, coas excepcións que establezan os regulamentos técnicos.• Dispoñer de campos suficientes para o precontrol e para o poscontrol das súas producións, de acordo cos regulamentos técnicos específicos.• Dispoñer de instalacións capaces para o seu volume de produción. No caso de sementes, estas instalacións serán completamente independentes das destinadas a grans de utilización distinta á de sementes. As instalacións comprenderán:<ol style="list-style-type: none">1. As de recepción, selección, preparación, tratamento e envasado de sementes ou plantas de viveiro.2. Almacéns adecuados para a conservación das sementes ou plantas de viveiro producidas.3. Laboratorios suficientemente equipados para as análises e controis das sementes ou plantas de viveiro.
PRODUTOR-MULTIPLICADOR	<ul style="list-style-type: none">• En caso de produción de sementes, dispoñerán de campos suficientes para a multiplicación de semente, e técnicos/as ou inspectores/as de campo suficientes para o seu volume de produción. Ademais, cumprirán os dous últimos requirimentos sinalados para o produtor-seleccionador.• En caso de produción de plantas de viveiro, deberán ter os medios técnicos e humanos acordados co seu proceso de produción, así como un sistema de control da calidade do material producido ou comercializado, de acordo coa memoria presentada.

Ademais do establecido no Real decreto 1891/2008, a norma que regula de xeito técnico o conxunto de actividades de produción de sementes e plantas de viveiros é o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

ESPECÍFICOS

A maiores dos requirimentos xenéricos, os produtores deben cumprir os que especificamente se definan para cada especie ou grupo de especies.

Co obxectivo de sintetizar este catálogo, inclúese unha ligazón do regulamento técnico específico onde aparecen recollidos os diferentes elementos que debe ter en conta o produtor se decide producir/comercializar ese grupo de especies:

Tipo	Regulamento técnico por grupo
PARA O CONXUNTO	<ul style="list-style-type: none">• Regulamento xeral
SEMENTES	<ul style="list-style-type: none">• Cereais• Pataca de sementeira• Millo• Oleaxinosas• Remolacha azucreira• Sorgo• Forraxeiras• Hortícolas• Téxtiles• Plántulas de hortalizas
PLANTAS DE VIVEIRO	<ul style="list-style-type: none">• Froiteiras• Ornamentais• Vide• Fungos cultivados• Reprodución forestal

4. INSCRICIÓN NO REXISTRO DE PRODUTORES DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO

Todos os produtores de sementes e plantas de viveiros deben ser autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia se teñen a súa sede neste territorio, tal como se establece no artigo 2 do Real decreto 1891/2008. A través da inscrición no Rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro pódese conseguir a dita autorización. Cómpre indicar que a través desta autorización se poden producir e comercializar variedades rexistradas. Se as variedades están protexidas, deberán ter licenza do obtentor ou seleccionador que as rexistrou para poder producilas.

Entre as obrigas que teñen que cumprir para estar inscritos neste rexistro están as seguintes:

- Os produtores quedan obrigados a que o seu persoal técnico reciba a formación pertinente.
- A conservación dos documentos, etiquetas, facturas de compra ou venda, e rexistros escritos ou por outro medio que garanta unha conservación duradeira dos datos correspondentes:
 1. Ás sementes e plantas de viveiro adquiridas ou importadas para produción, almacenaxe ou comercialización ou rexistro de entradas.
 2. Ás sementes e plantas de viveiro en proceso de produción.
 3. Ás sementes e plantas de viveiro expedidas a terceiros ou rexistro de saídas.
 4. Aos controis e ás tomas de mostras realizadas no material producido.
- Permitirán o acceso ás persoas que realizan as funcións de inspección e toma de mostras, así como o acceso aos documentos e rexistros citados anteriormente.
- A realización anual das declaracións de cultivo e de comercialización de acordo co que sinalen os regulamentos técnicos específicos.
- Dispoñer dos campos de cultivo, persoal e instalacións coas condicións sinaladas nos correspondentes regulamentos técnicos específicos.

Ademais, nos viveiros en que se vaian producir ou multiplicar sementes e plantas de viveiro, no caso de ser de categoría prebase, base ou certificada, deberán realizar a solicitude de numeración de etiquetas para precinto e certificación.

Para realizar este trámite, cóntase cun procedemento normalizado (MR430A).

MR430A. Rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro

ÓRGANO RESPONSABLE		Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Rural.
DESCRICIÓN		Para obter a autorización como produtor de sementes e plantas de viveiro, debe haber unha inscrición no Rexistro habilitado pola comunidade autónoma de referencia.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none">• Solicitud segundo o anexo I.• Proxecto asinado por técnico ou técnica superior para o título de produtor obtentor e produtor seleccionador• Memoria descritiva para a solicitude de produtor multiplicador.• No caso de sociedades, a solicitude deberá facela unha persoa debidamente autorizada, e xuntarase documentación acreditativa de que está legalmente constituída e dada de alta no rexistro correspondente.• Fotocopia do DNI/NIF/CIF.• Fotocopia dos estatutos da sociedade.• Folla de autoliquidación da taxa.
OBRIGATORIO	Si	
PRAZOS		Durante todo o ano
RESOLUCIÓN		Un mes
SILENCIO		Positivo
TRÁMITE EN LIÑA	Si	Procedemento MR430A
PRESENCIAL	Si	Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Rural
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Orde do 22 de abril de 2015 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar.• Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a autorización e o rexistro dos produtores de sementes e plantas de viveiro e a súa inclusión no Rexistro nacional de produtores. Artigos 5 e 6.• Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos. Artigos 36 e 38.• Regulamento xeral de produción de sementes e plantas de viveiro.• Regulamentos específicos de produción de sementes e plantas de viveiro.

TAXA DE PROCEDEMENTO MR430A

ÓRGANO RESPONSABLE		Axencia Tributaria de Galicia.
DESCRICIÓN		Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa. (Código 31.04.03.03) Inscrición no Rexistro provisional de produtores de planta de viveiro. Tarifas vixentes de taxas.
DOCUMENTACIÓN		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
OBRIGATORIO	Si	

TRÁMITE EN LIÑA	Si	Oficina Virtual Tributaria. Pódese facer o trámite a través de sede electrónica unha vez que se está realizando a inscrición no rexistro.
PRESENCIAL	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubriilo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. TRAMITACIÓN MUNICIPAL

POSIBILIDADE DE PRESENTAR CONSULTAS PREVIAS ANTE O CONCELLO

No relativo aos trámites municipais que terá que realizar a persoa promotora, o primeiro que deberá ter en conta, como sinalamos ao comezo, é a necesidade de consultar, con carácter previo, a normativa que aprobase o concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas promotoras teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, que deberán ir acompañadas de todos aqueles datos e documentos que permitan identificar claramente a información que lles requiren.

ABOAMENTO DOS TRIBUTOS QUE PROCEDAN, DE SER O CASO

Resulta especialmente relevante neste momento consultar as ordenanzas fiscais do concello, co fin de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, tivesen sido obxecto de acordo de imposición, debendo destacar os seguintes:

Aboamento da taxa de outorgamento de licenza/ presentación de comunicación previa

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local

DESCRIPCIÓN

As entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

- Outorgamento das licenzas urbanísticas exixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outros supostos vinculados á prestación de servizos ou á realización de actividades administrativas de competencia local.

En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBRIGATORIO

Si

Naqueles concellos en que se acordase a súa imposición.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso)

NORMATIVA

- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Ordenanzas fiscais do concello.

Aboamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

XESTIÓN DO TRÁMITE	Administración local
DESCRICIÓN	<ul style="list-style-type: none">• O ICIO é un tributo indirecto, de imposición potestativa, cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se exixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licenza, ou para a que se exixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.• Son suxeitos pasivos deste imposto os donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela, é dicir, quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.• A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra (custo de execución material), nos termos recollidos na normativa de facendas locais, e o tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que este tipo poida exceder o 4 %.• O concello poderá establecer bonificacións potestativas sobre a cota deste imposto, entre as que cabe destacar a posible existencia, se así se regula nas ordenanzas fiscais municipais, dunha bonificación de ata o 95 % da cota a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias vinculadas, entre outros factores, ao fomento do emprego.• O concello poderá exixir a autoliquidación por parte do suxeito pasivo ou o seu substituto. <p>En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.</p>
DOCUMENTACIÓN	Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).
OBRIGATORIO	Si Naqueles concellos en que se acordase a súa imposición.
TRÁMITE EN LIÑA	Si A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).
NORMATIVA	<ul style="list-style-type: none">• Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.• Ordenanza fiscal do concello en cuestión.

Non obstante, a persoa promotora deberá proceder á consulta, para o seu coñecemento, dos elementos doutros tributos municipais relacionados co posterior exercicio da actividade que non se abordan neste catálogo, como poden ser o imposto sobre actividades económicas ou o imposto sobre bens inmovibles, entre outros.

OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Na maior parte dos casos, o inicio da actividade precisará de obras que permitan a súa realización, ou que adecúen o establecemento físico onde esta se vai realizar ás características propias da actividade. De atoparse neste suposto, o primeiro que a persoa promotora deberá saber é que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso

do solo e do subsolo requiren, para o seu lícito exercicio, de outorgamento de licenza municipal ou de presentación de comunicación previa no concello, en función do acto de que se trate.

Solicitud de licenza municipal para a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local

DESCRICIÓN

Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A primeira ocupación dos edificios.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de **comunicación previa urbanística**.

DOCUMENTACIÓN

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnica ou técnico competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará o persoal técnico ao cal se lle teñen encomendadas.
- Cando non sexa exixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.
- No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.
- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e xunto coa solicitude da licenza presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZO

As peticións de licenza resolveranse no prazo de 3 meses desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Porén, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello. Este prazo pode reducirse a 15 días naturais en determinados supostos¹.

OBRIGATORIO

Si

Nos casos en que resultase preceptiva en función do acto que se pretenda realizar.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Comunicación previa para a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local

DESCRIPCIÓN

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:

- A execución de obras ou instalacións menores.
- A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
- O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
- A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
- A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
- As actividades extractivas de minerais, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
- A instalación de invernadoiros.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Os cerramentos e valados de predios.

¹/ Artigos 54.3 e 55.2 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.
- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.
- Data de inicio e finalización das obras.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZOS

No caso das comunicacións previas urbanísticas, a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicaralle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles á data en que pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que conteña, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas, comunicándollas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto que constituía o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo².

OBRIGATORIO

Si

Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Antes de presentar a solicitude de licenza ou de presentar a comunicación previa urbanística, a persoa promotora deberá ter en conta os seguintes aspectos:

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixíranse que a promotora dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte do titular do dominio público.
- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes.

Neste sentido, cómpre reiterar que no suposto de que actividade de produción de sementes e plantas de viveiro se emprace en **solo rústico de especial protección**, de conformidade co establecido no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, e dos artigos 51.2 e 63.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento, no solo rústico de especial protección será necesario obter a **autorización ou o informe favorable do órgano que teña competencia sectorial** correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Asemade, ao tratarse de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, establécese un réxime específico³ que determina que a promotora deberá consignar expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude de licenza de obra ou coa comunicación previa, presentará a seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de recibir notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade, de ser o caso, subscripta por técnico/a competente, na cal manifesta que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Así, nos casos en que concorran estas dúas circunstancias, realización de obras para o exercicio dunha actividade, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse, nun primeiro momento, en relación coa actividade a que vaia destinada a obra, suspendendo toda actuación administrativa en relación con esta mentres a persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.

3/ Artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia; artigo 11.2 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos; e artigo 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por persoa técnica competente, así como cando proceda o certificado acústico⁴.

Comunicación previa para o inicio da actividade tras a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local

DESCRICIÓN

Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.

DOCUMENTACIÓN

- Datos de identificación da persoa titular.
- Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada.
- Certificado final de obra asinado por técnico ou técnica competente.
- Certificado acústico (cando proceda).

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

OBRIGATORIO

Si

A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓN PREVIA AO INICIO DA ACTIVIDADE SEN REALIZACIÓN DE OBRAS

Nos casos en que non fose necesaria a realización de obras para o inicio da actividade, tras a realización dos trámites sectoriais oportunos en función do tipo de actividade de que se trate, o promotor/a deberá saber que, con carácter xeral, a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial ou profesional, **require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa** ante o concello en que se pretenda desenvolver a actividade ou abrir o establecemento.

4/ Artigo 11 do decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Comunicación previa para o inicio da actividade sen realización de obras previas

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local

DESCRIPCIÓN

A instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa coas seguintes excepcións:

- Exercicio de actividades e a apertura de establecementos sometidos a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación.
- Exercicio de actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.

DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para efectos de notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, suscrita por técnico/a competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.

Se para o desenvolvemento da actividade ou a apertura do establecemento é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

OBRIGATORIO

Si

No caso da apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso.

En todo caso, a persoa titular da actividade deberá dispoñer dunha copia selada da comunicación previa e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

A presentación dunha comunicación previa, que cumpra os requisitos exixidos, habilita desde o mesmo momento da presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, ou desde a data que

a persoa interesada nela sinala expresamente, sen prexuízo das facultades dos concellos para o establecemento e planificación das actuacións de verificación e control posterior.

Unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:

- A súa propia competencia.
- Se se trata do medio de intervención legalmente indicado para a actividade ou o establecemento.
- Se a comunicación previa contén os datos e a documentación exixidos.

Se os datos ou a documentación presentados coa comunicación previa están incompletos ou tivesen calquera outra deficiencia emendable, o concello concederalle á persoa que a presentou un prazo de reparación de 10 días. Non obstante, no caso de que as deficiencias detectadas non resulten emendables ou non se emenden no prazo outorgado, ou cando o concello determine que non lle corresponde a competencia para a recepción da comunicación previa ou que a actividade ou establecemento ao que esta se refire está sometido a outro réxime de intervención administrativa, iniciarase de oficio o procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa.

Esta actuación de verificación será potestativa para o concello naqueles supostos en que a documentación achegada inclúa un **certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal**, sen prexuízo de que se poidan realizar en calquera momento, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, as actuacións de inspección e control da actividade ou do establecemento que sexan necesarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa que resulte de aplicación.

Certificados emitidos polas entidades de certificación de conformidade municipal

ÓRGANO RESPONSABLE

Entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom).

DESCRIPCIÓN

Son aquelas entidades de dereito privado que, despois de seren autorizadas pola Administración autonómica, tendo capacidade plena de obrar e actuando baixo a súa responsabilidade, se constitúan coa finalidade de desenvolver en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa aplicable no ámbito municipal.

O contido dos certificados de conformidade non ten carácter vinculante para os servizos técnicos municipais nin para os órganos municipais con competencia na materia, e en ningún caso substituirá as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción.

OBRIGATORIO

Non

As persoas interesadas en presentar unha comunicación previa ou unha solicitude de licenza ante a Administración municipal poden dirixirse á entidade da súa elección, dentro das que estean habilitadas para desenvolver actuacións de certificación de conformidade municipal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de solicitar a realización da función de certificación de conformidade respecto da instalación, establecemento, actividade ou obra que vaia ser obxecto da comunicación previa ou da solicitude de licenza.

A relación entre as persoas que soliciten a realización da función de certificación de conformidade e as entidades de certificación de conformidade municipal estará suxeita ao dereito privado.

CONSULTA

Rexistro de entidades de certificación de conformidade municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

NORMATIVA

- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
 - Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
 - Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
-

CAMBIOS DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE OU ESTABLECEMENTO

O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento deberá comunicarse por escrito ao concello, de forma que, neste caso, sen prexuízo do que determine a normativa local aplicable en cada caso, a comunicación previa deberá incluír unicamente:

- Os datos identificativos da nova persoa titular.
- A referencia do título habilitante inicial e, de ser o caso, dos que se tramitasen para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento.

A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade.

6. OUTROS PROCEDEMENTOS RELACIONADOS COA ACTIVIDADE DOS PRODUTORES

REXISTRO OFICIAL DE PRODUTORES, COMERCIANTES E IMPORTADORES DE VEXETAIS, PASAPORTE FITOSANITARIO E DECLARACIÓN ANUAL DE CULTIVOS

Hai tres trámites relacionados coa produción de sementes e plantas de viveiros que son importantes para exercer unha actividade normalizada: o rexistro de produtores, comerciantes e importadores vexetais, o pasaporte fitosanitario e a declaración anual de cultivos.

1. O rexistro de produtores, comerciantes e importadores vexetais permite producir e comercializar diferentes especies de plantas e sementes dentro do ámbito autonómico. A súa inscrición facilitará o seguimento e inspeccións periódicas que favorezan a calidade da produción.
2. O pasaporte fitosanitario é a marca oficial que acompaña as plantas, produtos vexetais e outros obxectos no seu movemento polo territorio da UE e, se é o caso, para a súa introdución e movemento por áreas protexidas, cuxo propósito é demostrar que o devandito envío está libre de pragas de corentena e cumpre cos niveis de tolerancia requiridos para as RNQP (pragas reguladas non cuarentenais). Se non ten un uso comercial, este pasaporte non é necesario. Este pasaporte pódese solicitar a través do procedemento de declaración anual de cultivos.
3. A declaración anual de cultivos é unha das obrigas que contraen os produtores cando se inscriben no Rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro. Nela o produtor fai constar o número de especies vexetais que se van comercializar directamente ou reexpedir e o destino destas.

A inscrición no Rexistro de produtores, comerciantes e importadores vexetais ten un procedemento normalizado (MR442A) que se expón sinteticamente no seguinte cadro:

MR442A. Rexistro oficial de produtores, comerciantes e importadores de vexetais

ÓRGANO RESPONSABLE		Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Rural
DESCRIPCIÓN		Procedemento para inscribirse como produtor ou importador de especies vexetais dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
DOCUMENTACIÓN		Solicitude (segundo o modelo do anexo I).
OBRIGATORIO	Si	
PRAZOS		Durante todo o ano.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	Procedemento MR442A.
PRESENCIAL	Si	Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Rural.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Orde do 22 de abril de 2015 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar.• Orde do 17 de maio de 1993 pola que se establecen as obrigas a que están suxeitos os produtores, comerciantes e importadores de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, así como as normas detalladas para a súa inscrición nun rexistro oficial.

- Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

Unha vez que se solicite a expedición do pasaporte fitosanitario, un técnico ou técnica provincial realizará a inspección oficial para a autorización de expedición de pasaportes fitosanitarios. Nun prazo máximo de 10 días hábiles posteriores á data de inspección deberá procederse a pagar a taxa pertinente.

TAXA DE INSPECCIÓN OFICIAL PARA AUTORIZACIÓN DE EMISIÓN DE PASAPORTES FITOSANITARIOS

ÓRGANO RESPONSABLE		Axencia Tributaria de Galicia.
DESCRIPCIÓN		Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa. Código 310409. (Inspección oficial para autorización de emisión de pasaportes fitosanitarios). Tarifas vixentes de taxas.
DOCUMENTACIÓN		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
OBRIGATORIO	Si	
TRÁMITE EN LIÑA	Si	Oficina Virtual Tributaria. Pódese facer o trámite a través de sede electrónica unha vez que se está realizando a inscrición no rexistro.
PRESENCIAL	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubri-lo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Regulamento (UE) 2016/2031, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais, publicado o 23 de novembro de 2016, definiu un novo formato de pasaporte fitosanitario exixido para o traslado de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos no territorio da Unión Europea.

Na actualidade os vexetais e produtos vexetais suxeitos a pasaporte deberán expedirse co novo modelo de pasaporte. Os modelos autorizados son os definidos no Regulamento de execución (UE) 2017/2313, que establece catro modelos:

- Modelo de etiqueta de pasaporte fitosanitario normal (modelo A).
- Modelo de etiqueta de pasaporte fitosanitario para zonas protexidas (modelo B).
- Modelo de etiqueta de pasaporte fitosanitario combinado con etiqueta de certificación (modelo C).
- Modelo de etiqueta de pasaporte fitosanitario combinado con etiqueta de certificación para zonas protexidas (modelo D).

Os operadores poderán solicitar a autorización para a emisión do novo pasaporte a través da sede electrónica utilizando o modelo MR433A.

MR433A. Aprobación do modelo de pasaporte fitosanitario

ÓRGANO RESPONSABLE		Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Rural
DESCRIPCIÓN		Os produtores autorizados teñen que realizar a declaración anual de cultivos. A través desta comunicación dáse conta das especies que se van comercializar.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud (segundo o modelo do anexo I). • Modelo de etiqueta do pasaporte que se vai utilizar (marcar todos os que se soliciten): <ul style="list-style-type: none"> ... Modelo de etiqueta de pasaporte fitosanitario normal (modelo A). ... Modelo de etiqueta de pasaporte fitosanitario para zonas protexidas (modelo B). ... Modelo de etiqueta de pasaporte fitosanitario combinado con etiqueta de certificación (modelo C). ... Modelo de etiqueta de pasaporte fitosanitario combinado con etiqueta de certificación para zonas protexidas (modelo D).
OBRIGATORIO	Si	
PRAZOS		Durante todo o ano
RESOLUCIÓN		Un mes
SILENCIO		Positivo
TRÁMITE EN LIÑA	Si	Procedemento MR433A
PRESENCIAL	Si	Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Rural.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Orde do 22 de abril de 2015 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar. • Regulamento (UE) 2016/2031 relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais. • Regulamento (UE) 2017/2313: formato pasaporte fitosanitario.

Para realizar a declaración anual de cultivos, existe un procedemento normalizado (MR433B) onde se poden efectuar os tramites correspondentes. A continuación expónse un cadro resumo do procedemento:

ÓRGANO RESPONSABLE		Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Rural
DESCRIPCIÓN		Os produtores autorizados teñen que realizar a declaración anual de cultivos. A través desta comunicación dáse conta das especies que se van comercializar. Ademais de expedir o pasaporte fitosanitario que corresponda (normal, para zonas protexidas, de substitución), xunto coa mercadoría.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud (segundo o modelo do anexo I). • Declaración de cultivos.
OBRIGATORIO	Si	
PRAZOS		Durante todo o ano
RESOLUCIÓN		Un mes
SILENCIO		Positivo
TRÁMITE EN LIÑA	Si	Procedemento MR433B.
PRESENCIAL	Si	Xefaturas territoriais da Consellería de Medio Rural.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Orde do 22 de abril de 2015 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar. • Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o regulamento para a autorización e o rexistro dos produtores de sementes e plantas de viveiro e a súa inclusión no Rexistro nacional de produtores. Artigo 6.

INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE VARIEDADES COMERCIAIS

No caso de que o produtor vaia rexistrar algunha variedade, hai que ver se esta ten algún valor agronómico ou de utilización, o que levará a cabo a Oficina Española de Variedades Vexetais (OEVV), dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Este prodúcese se, en comparación con outras variedades admitidas no Rexistro de variedades comerciais, o conxunto das súas calidades ao se cultivar nunha zona determinada representa unha clara mellora, ben sexa en relación co seu cultivo, a súa produtividade, a súa utilización ou a dos produtos que deriven dela. O artigo 4 do Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de variedades comerciais, sinala algunhas excepcións a este principio.

Polo tanto, de querer comercializar algunha variedade non rexistrada, o produtor está obrigado a rexistrala no Rexistro de variedades comerciais. Este rexistro é de competencia estatal e ten un procedemento en liña para a súa tramitación.

ÓRGANO RESPONSABLE

Subdirección Xeral de Medios de Producción Agrícola e Oficina Española de Variedades Vexetais. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

DESCRIPCIÓN

Autorizar a comercialización de variedades vexetais en España para todas as especies para as que se abriu unha lista de variedades comerciais e na Unión Europea para as especies incluídas nos catálogos comúns de especies vexetais agrícolas e hortícolas.

DOCUMENTACIÓN

- Solicitud.
- Descrición detallada da variedade, de acordo co establecido no correspondente Regulamento técnico para o rexistro de variedades, indicando os seus compoñentes.
- O método de conservación varietal proposto polo criador/a ou polo/a solicitante cando o criador/a non teña interese na solicitude.
- Indicacións das condicións ecolóxicas máis axeitadas para o seu cultivo.
- Se a persoa solicitante é a habente causa no título do criador/a, un documento fiable da súa condición de habente causa.
- Se o solicitante non é o criador nin habente causa, documento que acredite a autorización outorgada por estes.
- Documento de pagamento da taxa de tramitación e resolución.

Cando a variedade solicitada sexa obxecto dun título nacional ou comunitario de variedades vexetais ou se solicitase con este fin, deberán achegarse os documentos relativos á propiedade da variedade ou ao título de habente causa. Non será necesario achegar os documentos relativos á autorización do criador/a cando se descoñeza este ou cando se trate de solicitudes de variedades de conservación.

No caso de variedades modificadas xeneticamente, ademais:

- Autorización outorgada polo organismo competente para a liberación voluntaria ou a autorización de comercialización.
- Información relativa á modificación xenética, así como a relativa á variedade modificada xeneticamente e todas as precaucións que a persoa solicitante propuxo adoptar na solicitude formulada ao órgano competente.

Tamén se deberá entregar material vexetal para a súa avaliación técnica, que debe cumprir unha serie de requisitos especificados no procedemento.

OBRIGATORIO Si

PRAZOS

Durante todo o ano

RESOLUCIÓN

6 meses

SILENCIO

Negativo

TRÁMITE EN LIÑA Si

Rexistro de variedades comerciais

PRESENCIAL Si

Subdirección Xeral de Medios de Producción Agrícola e Oficina Española de Variedades Vexetais. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

NORMATIVA

- Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos. Artigos 4-23.
- Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de variedades comerciais e se modifica o regulamento técnico xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, que inclúe como anexos o Regulamento técnico de Rexistro de variedades de diferentes especies vexetais.

7. ANEXO. FORMACIÓN ESPECIALIZADA PARA A PRODUCCIÓN DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO

Neste apartado vaise recoller información sobre algunha formación de carácter profesional que permite conseguir unha cualificación e habilitación para desenvolver profesionalmente a actividade de produción de sementes e plantas de viveiro:

- Certificado de profesionalidade de produción de sementes e plantas de viveiro.
- Certificado de profesionalidade de xestión da produción de sementes e plantas en viveiro.
- Manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios.

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE PRODUCCIÓN DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO (AGAU0110)

Neste certificado de nivel 2 expónse a formación necesaria para conseguir este certificado que capacita para realizar as operacións de propagación e cultivo de plantas de viveiro, así como a produción de sementes.

A duración da formación asociada ascende a 580 horas, distribuídas nos seguintes módulos formativos e unidades formativas:

- MF1479_2: Propagación de plantas no viveiro (80 horas).
- MF1480_2: Cultivo de plantas e céspede nun viveiro (100 horas).
UF1596: Cultivo de material vexetal e céspedes nun viveiro (70 horas).
UF1597: Xestión de instalacións e envío de plantas de viveiro (30 horas).
- MF1481_2: produción de sementes (80 horas).
- MF0525_2: control fitosanitario (120 horas).
UF0006: Determinación do estado de saúde das plantas, do solo e das instalacións e elección dos métodos de control (60 horas).
UF0007: Aplicación de métodos de control fitosanitario en plantas, solo e instalacións (60 horas).
- MF0526_2: Mecanización e instalacións agrícolas (120 horas).
UF0008: Instalacións, o seu acondicionamento, limpeza e desinfección (70 horas).
UF0009: Mantemento, preparación e operación de tractores (50 horas).
- MP0372: Módulo de prácticas profesionais non laborais de produción de sementes e plantas en viveiros (80 horas).

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE XESTIÓN DA PRODUCCIÓN DE SEMENTES E PLANTAS EN VIVEIRO (AGAU0210)

A través deste certificado de nivel 3, recóllese a formación que permite organizar e supervisar a produción de sementes e plantas de viveiro, xestionando os recursos materiais e humanos dispoñibles, aplicando criterios de calidade e de rendibilidade económica.

A duración da formación asociada é de 540 horas, que está distribuída nos seguintes módulos e unidades formativas:

- MF1492_3: Xestión das operacións de propagación de plantas no viveiro (90 horas).
- MF1493_3: Xestión do cultivo de plantas e céspede no viveiro (140 horas).
UF1371: Xestión da produción de plantas e céspede no viveiro (80 horas).
UF1372: Coordinación do manexo de instalacións e expedición de plantas e tepes en viveiro (60 horas)
- MF1494_3: Xestión das operacións de produción de sementes (90 horas).
- MF1132_3: Xestión de maquinaria, equipamentos e instalacións agrícolas (180 horas).
UF0390: Instalacións, maquinaria e equipamentos agrícolas (50 horas).
UF0391: Reparacións básicas, supervisión e organización dun taller (50 horas).
UF0392: Organización e xestión da empresa agraria (80 horas).
- MP0373: Módulo de prácticas profesionais non laborais de xestión da produción de sementes e plantas no viveiro (40 horas).

MANIPULACIÓN E APLICACIÓN DE PRODUTOS FITOSANITARIOS

O Real decreto 1311/2012 dispón que, a partir do 26 de novembro de 2015, os usuarios profesionais e vendedores de produtos fitosanitarios deberán estar en posesión dun carné que acredite coñecementos apropiados para exercer a súa actividade, segundo os niveis de capacitación seguintes:

- **Básico:** o persoal auxiliar de tratamentos terrestres e aéreos, incluídos os non agrícolas, e os agricultores que os realizan na propia explotación sen empregar persoal auxiliar e utilizando produtos fitosanitarios que non sexan nin xeren gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais. Tamén se expedirán para o persoal auxiliar da distribución que manipule produtos fitosanitarios.
- **Cualificado:** para os usuarios profesionais responsables dos tratamentos terrestres, incluídos os non agrícolas, e para os agricultores que realicen tratamentos empregando persoal auxiliar. Tamén se expedirán para o persoal que interveña directamente na venda de produtos fitosanitarios de uso profesional, capacitando para proporcionar a información axeitada sobre o uso, os seus riscos para a saúde e no medio ambiente e as instrucións para mitigar eses riscos. O nivel cualificado non outorga capacitación para realizar tratamentos que requiran niveis de fumigador ou piloto aplicador.
- **Fumigador:** para aplicadores que realicen tratamentos con produtos fitosanitarios que sexan gases clasificados como tóxicos, moi tóxicos ou mortais, ou que xeren gases desta natureza. Para obter o carné de fumigador, cómpre ter adquirido previamente a capacitación correspondente aos niveis básico ou cualificado segundo o establecido nestes.
- **Piloto aplicador:** para o persoal que realice tratamentos fitosanitarios desde ou mediante aeronaves, sen prexuízo do cumprimento da normativa específica que regula a concesión de licenzas no ámbito da navegación aérea.

En cumprimento do especificado no Real decreto 1311/2012, cómpre que, desde o 26 de novembro deste ano, toda persoa que inicie o procedemento necesario para a obtención dun carné de usuario profesional de produtos fitosanitarios estea inscrito no ROPO (Rexistro oficial de produtores e operadores) segundo as seguintes especificacións:

a) Solicitudes de formación como usuarios profesionais de produtos fitosanitarios.

Con carácter xeral, aquelas persoas que soliciten formación en calquera nivel de capacitación á Consellería do Medio Rural deberán estar inscritos no ROPO. Así mesmo, as persoas que soliciten formación como aplicadores-manipuladores de produtos fitosanitarios no seu nivel básico ás entidades colaboradoras desta consellería só poderán realizar a proba de avaliación se se comproba a súa inscrición no ROPO como usuarios profesionais. Con este motivo, as entidades colaboradoras deberán acreditar ter informado desta circunstancia con carácter previo á impartición da formación a todos os/as solicitantes destes cursos.

b) Repetición da proba de avaliación.

As persoas que non superen a proba de avaliación en primeira instancia poderán presentarse, durante os dous anos seguintes á data en que recibiron a formación, a outras probas de avaliación. Por mor das posibles actualizacións na normativa, unha vez superado ese período, deberán repetir o curso de formación.

No suposto de que algunha persoa acredite ter recibido a formación necesaria nun período inferior aos dous anos e xa se atope no ROPO, tamén poderá presentarse ás probas de avaliación baixo estes mesmos condicionantes.

c) Renovación do carné.

As persoas que soliciten a renovación do seu carné deberán acreditar, en primeiro lugar, a súa inscrición no ROPO para, a continuación, cumprir co requisito de actualización da formación segundo o nivel de capacitación. En concreto, para a actualización de coñecementos no nivel cualificado, será necesario un curso de formación teórico-práctica

cunha duración de 10 horas, cuxo contido formativo estará principalmente constituído polos aspectos modificados da normativa de aplicación. A acreditación desta actualización realizarase mediante probas de avaliación específicas, que se desenvolveran segundo distintos modelos de avaliación.

d) Modelos de avaliación.

Para asegurar a obxectividade das avaliacións que se realicen, publicarase na páxina web da consellería unha instrución respecto ás probas que se realizarán segundo correspondan ao nivel básico ou cualificado, así como as probas correspondentes ás actualizacións formativas.

e) Convocatoria das probas de avaliación para a renovación dos carnés.

A Consellería de Medio Rural convocará as probas de avaliación nos lugares e datas que se indiquen a través da súa páxina web. As persoas que desexen renovar o seu carné deberán inscribirse electronicamente na Oficina Agraria Virtual. Para acceder ás probas, deberán presentar un documento de identificación fidedigno e a xustificación do pagamento da taxa.

Os resultados das probas de avaliación, que especificarán as persoas aptas e as non aptas, serán remitidos polo seu responsable á Subdirección Xeral de Formación e Transferencia tecnolóxica consonte o procedemento establecido. Unha vez achegada a documentación, emitirase o correspondente carné a todas as persoas con cualificación de aptas para as cales se acredite a súa inscrición no ROPO. En ningún caso se poderá emitir o carné coa presentación dunha declaración responsable ou similar.

Hai unha listaxe de titulacións que permiten a obtención directa do carné de utilización de produtos fitosanitarios de nivel básico:

- AGAJ0109 Xestión e mantemento de árbores e palmeiras ornamentais.
- AGAO0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría.
- AGAR0309 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes.
- AGAU0108 Agricultura ecolóxica.
- AGAX0208 Actividades auxiliares en agricultura.
- AGAU0111 Manexo e mantemento de maquinaria agraria.
- AGAU0208 Xestión da produción agrícola.
- SEAG0311 Control e protección do medio natural.

Hai outras titulacións que permiten a obtención directa do carné de utilización de produtos fitosanitarios de nivel cualificado:

- AGAC0108 Cultivos herbáceos.
- AGAF0108 Fruticultura.
- AGAH0108 Horticultura e floricultura.
- AGAO0208 Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes.
- AGAO0308 Xardinaría e restauración da paisaxe.
- AGAR0109 Xestión e repoboacións forestais e tratamentos silvícolas.
- AGAR0208 Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas.

- AGAU0112 Produción e recolección de cogomelos e trufas.
- AGAU0210 Produción de sementes e plantas en viveiro.
- SEAG0110 Servizos para o control de pragas.
- SEAG0311 Xestión de servizos para o control de organismos nocivos.

Nos casos dos carnés de fumigador e piloto aplicador, non hai ningunha especialidade de formación ocupacional relacionada.

Este documento é redactado, con fins meramente informativos, pola Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información presente neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.

